



# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3ºESO**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CPR Plurilingüe Ntra Sra del Carmen CURSO: 3º ESO MATERIA: Bioloxía e Xeoloxía
--	---------------	--

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### 3ª AVALIACIÓN

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Relacionar as dietas coa saúde a través de exemplos prácticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.13. Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.14. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.21. Relacionar funcionalmente o sistema neuro-endócrino.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.23. Analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovela individual e colectivamente.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos), centrándonos no <i>coronavirus</i>.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns, facendo <i>fincapé nas medidas que se están tomando neste momento</i>.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Seleccionar información, establecer diferencias dos tipos de doenzas dun mundo globalizado e deseñar propostas de actuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.6.1. Establece diferencias entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e deseña propostas de actuación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e integrada nas súas vidas e as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.8.1. Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.</li> <li>▪ BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.</li> </ul>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación directa, mediante intercambios orais cos alumnos, durante as videoconferencias.</li> <li>- Análise da tarefa entregada polo alumnado.</li> <li>- Probas específicas orais e escritas.</li> </ul> <p>Ademais levaranse a cabo diferentes tipos de autoavaliación e coavaliación.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Control do seguimento da materia por parte dos alumnos a través das videoconferencias.</li> <li>- Rexistro de entrega das actividades.</li> <li>- Valoración das actividades entregadas.</li> </ul> <p>Rexistro de probas específicas.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para a nota final (convocatoria ordinaria), terase en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.</li> <li>2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ó longo da 3ª avaliación. Para elo aplicaranse os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos o material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como el correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado por los titores a familias y alumnos). <b>0,5 p</b></li> <li>- Entrega de tarefas en prazo: calquera retraso ha de ser comunicado ao titor ou ó profesor, que estudará cada caso. <b>0,5 p</b></li> <li>- Grado de realización de las tareas: calidade na resolución de las actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...). <b>0,5 p</b></li> <li>- Probas on-line que se poidan realizar ou probas presenciais, en caso de poder realizarse. <b>0,5 p</b></li> </ul> </li> </ol> <p>No caso de que algún alumno non teña superada a 1ª ou a 2ª avaliación, ou ambas deberán realizar as tarefas específicas de recuperación, un traballo que contará un 50% da nota e unha proba oral que contará outro 50%, co obxectivo de reforzar e acadar os estándares mínimos de ditas avaliacións.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>No caso de que o alumno non supere a convocatoria ordinaria terá a oportunidade de facelo na convocatoria extraordinaria de setembro mediante unha proba escrita presencial (ou online de non ser posible).</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación: Serán os mesmos que os da 3ª avaliación.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Os dous alumnos que teñen a materia pendente entregarán as tarefas que lles indicou o profesor, según os criterios detallados no punto 2.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os detallados no apartado anterior.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases online por videoconferencia.</li> <li>- Seguemento e consulta de dúbidas co profesor mediante correo electrónico ou durante as clases online.</li> <li>- Esquemas e mapas mentais.</li> <li>- Traballos relacionados co coronavirus, a OMS... en resumo co momento excepcional que estamos vivindo.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Neste momento todos os alumnos da materia dispoñen de ordenadores, tabletas ou móbiles e acceso a Internet, aínda que a impartición de contidos pode verse dificultada por razóns técnicas ou de organización no ámbito familiar, polo que se flexibilizará ao máximo a forma ou os prazos á hora de entregar as tarefas.</p> <p>Se algún dos alumnos presentou ou pode presentar problemas para acceder á tarefa on line por non ter equipos informáticos ou acceso a internet dende o propio colexio ou a través de servizos sociais do concello, cáritas, Cruz Vermella, ... tratouse e tratarase de subsanar dentro do posible o problema e facer accesible a documentación ao alumnado para poder establecer así seguemento, resolver as dúbidas e a presentación.</p> <p>Prestarase especial atención á retroalimentación na aprendizaxe así como á autoavaliación combinada coa heteroavaliación co fin de que o alumnado acade os estándares de aprendizaxe da 3ª avaliación así como o repaso e reforzo dos da 1ª e 2ª avaliación.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases online por videoconferencia, para o que se necesitan ordenadores ou algún dispositivo móbil e conexión a internet.</li> <li>- Libro de texto do alumno.</li> <li>- Material para a realización das tarefas que despois son entregadas a través da plataforma moodle ou do correo electrónico.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A profesora informa aos alumnos a través da plataforma moodle e da titora que se encarga de reenviar as tarefas. Tamén se informa directamente aos alumnos nas clases online.</p> <p>No que respecta á información ás familias os profesores cobren unha ficha de seguemento do curso por materia e por semana o que lle aporta unha considerable información ao titor.</p> <p>O claustro de profesores reúnese semanalmente de maneira telemática para aclarar dúbidas, chegar a consensos, avaliar e compartir as formas de traballo e as dificultades que poidan xurdir; así como informar aos titores e tratar casos puntuais.</p> <p>Cando é necesario o profesor aporta ao titor información concreta dun alumno ou alumna en particular, o titor contacta cos alumnos e as familias por correo electrónico, chamada telefónica ou videochamada.</p> <p>Así mesmo o titor fai chegar ás familias e alumnos toda a información de parte da Dirección do centro como a normativa da Consellería de Educación, as normas para a asistencia a videochamadas, os consensos acadados para a 3ª avaliación, as actividades de Pastoral...</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Na páxina web e nas redes sociais do Centro publícase a información necesaria ás familias para seguir coas clases dende o confinamento.</p> <p>Esa información proporcionase tamén directamente aos alumnos e (as familias por parte dos tutores) vía correo electrónico ou plataforma Moodle.</p>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen”**

**CURSO: 3º ESO**

**MATERIA: Cultura Clásica**

**DEPARTAMENTO: Humanidades**

**DATA: 13-05-2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## ÍNDIC E

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e, no seu caso, ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES DO 3º TRIMESTRE

(destacados en verde)

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
3. Identificar as principais actividades a que dedicaba un día un cidadán grego desde que se levantaba ata que se deitaba. Interesarse polas actividades a que se dedicaban os cidadáns gregos nunha xornada ordinaria e a súa comparación coas actividades cotiás na sociedade actual.	3.1. Describe as principais actividades a que dedicaba unha xornada ordinaria un cidadán grego e as compara criticamente coas actividades cotiás da sociedade actual.
4. Identificar as principais actividades a que dedicaba un día un cidadán romano desde que se levantaba ata que se deitaba. Interesarse polas actividades a que se dedicaban os cidadáns romanos nunha xornada ordinaria e a súa comparación coas actividades cotiás na sociedade actual.	4.1. Describe as principais actividades a que dedicaba unha xornada ordinaria un cidadán romano e as compara criticamente coas actividades cotiás da sociedade actual.
10. Identificar e coñecer o significado que achegan os lexemas de orixe grega estudados na unidade na formación de helenismos da propia lingua, así como o significado dos helenismos derivados.	10.1. Identifica os lexemas estudados no léxico científico e técnico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan a través da definición dos helenismos derivados.
12. Identificar a pervivencia de aspectos da vida diaria e da historia de Grecia e o seu valor como ensinanzas para o presente.	12.1. Identifica a pervivencia de aspectos da vida diaria e da historia de Grecia e o seu valor como ensinanzas para o presente.
14. Coñecer os relatos míticos estudados na unidade; o heroe mítico: Xasón, realizar unha valoración e unha análise dos seus elementos principais e relacionar cos contidos da unidade ou con valores da sociedade actual.	14.1 Coñece os relatos míticos estudados na unidade; o heroe mítico: Xasón; realiza unha valoración e unha análise dos seus elementos principais e relaciónaos cos contidos da unidade ou con valores da sociedade actual.
3. Coñecer e distinguir os deuses olímpicos e os deuses romanos.	3.1. Coñece e recoñece os principais deuses do mundo grecolatino.
7. Identificar e coñecer o significado que achegan os lexemas de orixe grega estudados na unidade na formación de helenismos da propia lingua, así como o significado dos helenismos derivados.	7.1. Identifica os lexemas estudados no léxico científico e técnico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan a este a través da definición dos helenismos derivados.
11. Coñecer a importancia do oráculo de Delfos e a súa repercusión na sociedade antiga.	11.1. Coñece como funcionaban os oráculos e a súa función relixiosa e social.
1. Coñecer os principais xogos deportivos que se celebraban en Grecia e as súas respectivas sedes. Apreciar os valores positivos derivados das competicións deportivas e o seu mantemento nas competicións actuais.	1.1. Coñece as principais competicións deportivas gregas e as súas sedes.
2. Identificar diferentes aspectos dos Xogos Olímpicos relacionados co seu desenvolvemento, adestramento dos atletas, sancións, premios e participación das mulleres. Interesarse polo coñecemento da organización dos xogos deportivos na antiga Grecia, as súas sedes, organización, desenvolvemento, probas e participación. Apreciar os valores positivos derivados das competicións deportivas e o seu mantemento nas competicións actuais.	2.1. Identifica as cerimonia de inicio dos Xogos Olímpicos, frecuencia, lugares e métodos de adestramento dos atletas, premios que recibían nas probas, posibles sancións e participación das mulleres nos Xogos Hereos.

15. Coñecer o significado da historia da batalla de Maratón e do heraldo como expresión da propaganda institucional sobre determinados valores e a súa influencia en acontecementos actuais.	15.1. Coñecer o significado da historia da batalla de Maratón e do heraldo como expresión da propaganda institucional sobre determinados valores e a súa influencia en acontecementos actuais.
17. Coñecer os relatos míticos estudados na unidade; o heroe mítico: Heracles. Realizar unha valoración e unha análise dos seus elementos principais e relacionar cos contidos da unidade ou con valores da sociedade actual. Interesarse polo coñecemento da mitoloxía como acervo cultural da nosa sociedade e polos valores que neles se transmiten, ben por afinidade ou por contraste cos actuais.	17.1. Coñece os relatos míticos estudados na unidade; o heroe mítico: Heracles. Realiza unha valoración e unha análise dos seus elementos principais e relaciónaos cos contidos da unidade ou con valores da sociedade actual.
8. Coñecer os principais tipos de monumentos e de edificios romanos en Hispania como signo físico e patente da súa romanización e do seu legado arquitectónico e artístico: murallas, arcos, circos, anfiteatros, teatros, templos, monumentos funerarios e cidades e casas romanas. Interesarse por coñecer os principais aspectos arquitectónicos do legado romano en Hispania.	8.1. Identifica os tipos de monumentos e edificios que quedaron como vestixio da romanización de Hispania e do seu legado arquitectónico e artístico, así como os exemplos máis significativos deles.
9. Identificar aqueles elementos da arte (arquitectura e escultura principalmente) grega e romana que serviron como modelos no europeo ao longo dos séculos. Comprender a importancia da arte grega e romana no desenvolvemento do occidental. Interesarse polo coñecemento das diferentes manifestacións artísticas de Grecia e Roma e valoración da súa pervivencia como modelos na arte occidental e moderna.	9.1. Identifica aqueles elementos da arte (arquitectura e escultura principalmente) grega e romana que serviron como modelos para o europeo ao longo dos séculos.
	9.2. Comprende a importancia da arte grega e romana no desenvolvemento do occidental.
10. Identificar e coñecer o significado que achegan os lexemas de orixe grega estudados na unidade na formación de helenismos da propia lingua, así como o significado dos helenismos derivados.	10.1. Identifica os lexemas estudados no léxico científico e técnico da súa propia lingua e coñece o significado que achegan a través da definición dos helenismos derivados.
1. Coñecer as características principais da épica en Grecia e estudar as dúas obras fundamentais na produción grega: a <i>Ilíada</i> e a <i>Odisea</i> .	1.1. Recoñece as características xerais que definen a épica en Grecia e explica dúas das súas obras fundamentais: a <i>Ilíada</i> e a <i>Odisea</i> .
2. Coñecer as características principais da épica en Roma e estudar a obra fundamental na produción romana: a <i>Eneida</i> .	2.1. Recoñece as características xerais que definen a épica en Roma e explica a súa obra fundamental: a <i>Eneida</i> .
6. Recoñecer as características máis importantes da traxedia grega, así como os seus principais autores e obras.	6.1. Coñece e explica as características principais da traxedia grega, os seus autores e as obras máis importantes.
7. Recoñecer as características máis importantes da traxedia romana, así como os seus principais autores e obras.	7.1. Coñece e explica as características principais da traxedia romana, os seus autores e as obras máis importantes.
10. Recoñecer as manifestacións literarias máis importantes en prosa tanto en Grecia coma en Roma así como os seus autores. Coñecer especialmente os xéneros da historiografía e a oratoria.	10.1. Coñece e explica as manifestacións máis importantes da prosa grecolatina, especialmente a historiografía e a oratoria.
2. Coñecer os principais grupos que se resistiron á conquista romana de Hispania.	2.1. Recoñece os principais grupos hispanos que se resistiron á conquista romana.
3. Coñecer as características da romanización.	3.1. Recoñece as características da romanización.
7. Recoñecer a importancia do comercio e a	7.1. Coñece a importancia do comercio e a

enxeñaría en Hispania como base da súa economía.	enxeñaría en Hispania como base da súa economía.
14. Coñecer como Roma logrou acabar cun dos opositores á súa conquista, Viriato.	14.1. Coñece como logrou Roma rematar cun dos máis fortes opositores á súa conquista, Viriato.

## 1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- rexistro de entrega de tarefas</li> <li>- rúbricas de valoración das tarefas</li> <li>- rexistro de asistencia ás clases virtuais</li> <li>-</li> </ul>
	INSTRUMENTOS	<p>Para o cálculo da cualificación, de 0 a 2 puntos, elaborárase unha rúbrica que valorará:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a entrega de tarefas en prazo: calquera atraso será comunicado ao titor ou profesor correspondente, quen valorará os motivos de cada retraso.</li> <li>- a asistencia ás clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das pautas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como a actitude amosada ao longo das mesmas (ver documento enviado polos titores a familias e alumnos).</li> <li>- o grao de realización das tarefas: a calidade da súa resolución de seguindo as indicacións dadas, a correspondencia respecto dos contidos esixidos, a presentación, formato, orixinalidade...</li> <li>- a entrega de pequenas tarefas de investigación: identificación de fontes e orixinalidade (as tarefas de corta-pega non serán valoradas).</li> </ul> <p>Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comunicación lingüística (CCL).</li> <li>2. Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT).</li> <li>3. Competencia dixital (CD).</li> <li>4. Aprender a aprender (CPAA).</li> <li>5. Competencias sociais e cívicas (CSC).</li> <li>6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE).</li> <li>7. Conciencia e expresións culturais (CEC).</li> </ol>
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>Na convocatoria ordinaria, para calcular a nota final terase en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.</li> <li>2. A esa nota media poderá sumarse a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo das tarefas realizadas ao longo da 3ª avaliación. (ver apartado Avaliación)</li> </ol> <p>A recuperación de avaliacións pendentes farase mediante a realización de tarefas específicas correspondentes á avaliación a recuperar; a nota final de xuño calcularase coa media da 1ª e 2ª avaliación, á que se engadirá (de 0 a 2 puntos) a valoración das tarefas desenvolvidas no 3º</p>	

	trimestre, sempre que cumpran os criterios citados (ver apartado Avaliación).	
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	<p>O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, terá oportunidade de facelo na extraordinaria de setembro de 2020 e, dependendo da situación sanitaria, a proba poderá ser presencial ou telemática.</p> <p>Os criterios de avaliación, os de cualificación, os procedementos e instrumentos de avaliación serán os que figuran na programación de principios de curso.</p>	
ALUMNADO PENDENTE	Criterios de avaliación	N/A
	Criterios de cualificación	N/A
	Procedementos e instrumentos de avaliación	N/A

## 2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

ACTIVIDADES	<p>De repaso e reforzo, a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- análise e comentario de textos</li> <li>- elaboración de esquemas, mapas mentais, sínteses, mapas xeográficos e eixos cronolóxicos</li> <li>- vocabulario e expresións latinas</li> <li>- pequenas tarefas de investigación</li> </ul>
METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)	<p>Respecto da capacidade de conectividade do alumnado, detectáronse casos con dificultades, polo que se facilitaron medios para solventalas.</p> <p>O alumnado asistirá a clase por videoconferencia unha sesión semanal, para a resolución de dúbidas e corrección das tarefas. As tarefas serán emitidas a través de correo electrónico e reenviadas coa correspondente corrección.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- manual de texto do alumno/a</li> <li>- libreta do alumno/a</li> <li>- fichas con textos, sínteses, mapas, gráficas, cuestionarios, imaxes... en formato pdf</li> <li>- material audiovisual na rede</li> <li>- plataforma Cisco Webex</li> </ul>

## 3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN A ALUMNADO E FAMILIAS	<p>Procedemento empregado para informar ao alumnado:</p> <p>As tarefas asignadas serán comunicadas previamente ao titor/a. O alumnado e as familias recibirán as tarefas por correo electrónico ou, se non é posible, o titor/a poderá comunicalas por teléfono.</p>
PUBLICIDADE	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (ATOCHA) BETANZOS  
CURSO: 3º ESO  
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.



1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>UNIDADE 3: ACTIVIDADES NA NATUREZA</b>	
B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.	EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.  EFB1.3.2. Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.
<b>UNIDADE 4: EXPRESION CORPORAL</b>	
B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.	EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b><u>Procedementos:</u></b> No terceiro trimestre reforzase especialmente o currículo da 1ª e 2ª Avaliación, a través de tarefas de repaso e ampliación dos contidos traballados nos dous primeiros trimestres, así como na superación da materia suspensa das avaliacións citadas a través de traballos, e na consecución das competencias clave.</p> <p><b><u>Instrumentos: (0-2 puntos)</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nesta terceira avaliacion utilizaranse os seguintes instrumentos, parao calculo da cualificacion:</li> <li>• <b>Entrega de tarefas en prazo:</b> a non presentación dos traballos en data, será comunicada ao titor ou profesor correspondente, que analizará cada caso e tomará as decisións pertinentes. 0,5p</li> <li>• <b>Grao de realización das tarefas:</b> calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación,...). 0,5p</li> <li>• <b>Ampliación dos contidos</b> relacionados co tema a traballar, de forma ordeada e correcta, consultando diversas fontes así coma utilizando unha linguaxe propia e axeitada a temática.0,5p</li> <li>• Coidado do <b>aspecto formal do traballo</b> (portada, índice, webgrafía, bibliografía). 0,5p</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Para a nota final (convocatoria ordinaria), en cada materia terase en conta:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.</li> <li>2. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. Para iso, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de maneira obxectiva, son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Asistencia a clases por videoconferencia: actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (ver documento enviado polos titores a familias e alumnos).</li> <li>✓ Entrega de tarefas en prazo: calquera atraso ha de ser comunicado ao titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso.</li> <li>✓ Grao de realización das tarefas: calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesor (contido, presentación, formato,...).</li> <li>✓ Entrega de traballos: a súa execución ha de seguir os criterios</li> </ul> </li> </ol>

	<p>e indicacións do profesorado; os traballos han de ser orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (non se valorarán tarefas de “copia-pega”).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Probas on- line que se poidan realizar. Probas presenciais, en caso de poder realizarse.</li> </ul> <p>Prestarase especial atención á adquisición das seguintes competencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Comunicación lingüística (CCL).</li> <li>✓ Competencia matemática e competencia básica en ciencias e tecnoloxía (CMCT).</li> <li>✓ Competencia dixital (CD).</li> <li>✓ Aprender a aprender (CPAA).</li> <li>✓ Competencias sociais e cívicas (CSC).</li> <li>✓ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE).</li> <li>✓ Conciencia e expresións culturais (CEC).</li> </ul> <p>Os alumnos que non superasen algunha/ s materia/ s na 1ª ou na 2ª avaliación, ou en ambas, deberán realizar as tarefas específicas de recuperación que lles asigne o profesorado, co obxectivo de reforzar e alcanzar os estándares mínimos, respectando os criterios citados anteriormente, a través de actividades, traballos e probas específicas que indique o profesor/a de cada materia.</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>No caso de que o alumno/a non supere na convocatoria ordinaria algunha das materias, terá a oportunidade de facelo na convocatoria extraordinaria de setembro de 2020.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p><u>Criterios de avaliación:</u> O alumnado que teña materias pendentes do curso anterior realizará e entregará as tarefas e traballos que lle indique o profesor/a correspondente, segundo os procedementos acordados e detallados anteriormente e poderá convocarse a probas por videoconferencia ou, se é posible, presenciais.</p> <p><u>Criterios de cualificación:</u> Seguiranse os procedementos acordados e citados anteriormente.</p> <p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u> Seguiranse os procedementos acordados e citados anteriormente.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de reforzo e de repaso, e de ampliación dos contidos traballados, así como dos novos contidos (apuntes da materia-non evaluables).
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Os alumn@s son informados, a través do correo electrónico sobre as tarefas e traballos que teñen que realizar, (vía TITOR). Unha das tarefas é a de completar unha ficha específica da materia da terceira avaliación, do imprescindible a coñecer, así coma a realización dun traballo de ampliación dos contidos impartidos nas primeiras avaliacións. Para os casos nos que había algún alumno con problemas de conectividade, tanto dende o noso Colexio, coma do Concello e Caritas, colaboraron, para que éste non fose un motivo de desigualdade académica, facilitando en todo momento os recursos que cada quen posúe, para poñelos o alcance dos rapaces.
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ -Diferentes páxinas de Internet con contidos relacionados ca materia.</li> <li>✓ -Posibilidade dalgunha videoconferencia para a explicación dalgúns dos traballos.</li> <li>✓ -Apuntes das diferentes avaliacións.</li> <li>✓ -Correo electrónico do profesor da materia, como canal para a búsqueda de solución ante posibles dificultades.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para achegar a información os alumnos, o facemos a través da figura do tit@r, a través do seu correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.





# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen”**

**CURSO: 3º ESO**

**MATERIA: Física e Química**

**DEPARTAMENTO: Ciencias**

**DATA: 12-05-2020**

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
• B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	• FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	• CCL • CMCCT
• B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.	• FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	• CMCCT
• B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	• FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	• CAA • CCL • CMCCT
• B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	• FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	• CAA • CCL • CD • CMCCT • CSIEE
• B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.	• FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario. • FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo. • FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	• CCEC • CMCCT
• B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	• FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica. • FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	• CMCCT
• B2.4. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.	• FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación. • FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.	• CMCCT
• B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.	• FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.	• CMCCT
• B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	• FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	• CCL • CMCCT
• B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións.	• FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	• CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.</li> <li>• FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.</li> <li>• FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.1. Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.</li> <li>• FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.2. Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuir ao aforro individual e colectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSIEE</li> </ul>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actitude e comportamento: asistencia ás clases online (xustificando a non asistencia) coas tarefas encomendadas e o material (caderno, bolígrafo, calculadora) axeitado.</li> <li>- Producións do alumnado: realización e entrega por parte do alumnado das tarefas propostas</li> <li>- Probas específicas: no caso de alumnos coa primeira e/ou segunda avaliación suspensas. Estas probas consistirán na realización de tarefas online, por parte do alumnado suspenso, relativas a ditas avaliacións coa cámara aberta.</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro das producións do alumnado en relación aos estándares de aprendizaxe.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Farase a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A esa nota media poderase sumar a cualificación de 0 a 2 puntos, dependendo do traballo realizado ao longo da 3ª avaliación. Para iso, os criterios que o profesorado aplicará e ponderará de xeito obxectivo, son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ <b>Asistencia a clases por videoconferencia:</b> actitude, interese, puntualidade, recursos ou material necesario e cumprimento das normas básicas de asistencia a clases telemáticas, así como o correcto comportamento durante as mesmas (os titores enviaron un documento coas mesmas ás familias e alumnado).</li> <li>✓ <b>Entrega de tarefas en prazo:</b> os retrasos han de ser comunicados ó titor ou profesor correspondente, que estudará cada caso.</li> <li>✓ <b>Grao de realización das tarefas:</b> calidade na resolución das actividades seguindo as indicacións do profesorado (contido, presentación, formato,...).</li> <li>✓ <b>Entrega de traballos:</b> a súa realización debe de seguir os criterios e indicacións do profesorado; os traballos serán orixinais ou, no seu caso, identificar as fontes (non se valorarán tarefas de “copia-pega”).</li> <li>✓ <b>Probas on-line</b> que se poidan realizar.</li> <li>✓ <b>Probas presenciais</b>, en caso de poder realizarse.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, terá a oportunidade de facelo na <b>convocatoria extraordinaria</b> de setembro de 2020. Á espera de cómo se desenvolva esta situación, esa proba poderá ser presencial ou telemática.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación: Non aplica nesta materia</p> <p>Criterios de cualificación: Non aplica nesta materia</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non aplica nesta materia</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	De recuperación, de repaso, reforzo e de ampliación (forzas eléctricas, forzas magnéticas , enerxía)
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><b>Adaptación dos procedementos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actitude e comportamento: asistencia ás clases online (xustificando a non asistencia) coas tarefas encomendadas e o material (caderno, bolígrafo, calculadora) axeitado.</li> <li>- Producións do alumnado: realización e entrega por parte do alumnado de tarefas propostas por correo electrónico(que son corrixiadas e devoltas ao alumnado) e videoconferencia (cando hai videoconferencia as tarefas corrixiense nela).</li> <li>- Probas específicas: no caso de alumnos coa primeira e/ou segunda avaliación suspensas. Estas probas realizaranse online coa cámara aberta.</li> </ul> <p>Nos primeiros días da cuarentena realizouse unha sondaxe entre o alumnado para verificar a súa capacidade de conectividade. Naqueles casos con algunha dificultade se lles facilitou os medios para solventala.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Correo electrónico, vídeos explicativos, fichas con tarefas, cisco webex.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través da titoría informouse ás familias dos acordos tanto para o desenvolvemento do terceiro trimestre como do cálculo da nota das probas ordinarias.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILÍNGÜE NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN

CURSO: 3º ESO

MATERIA: SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS

DEPARTAMENTO: LINGUAS DATA: MAYO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENT RO: CUR SO: MATERIA:
---	------------------	---------------------------------------

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>SLE-B1.1-Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>3º-SLEB1.1 - Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás ne-cesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada)</p>
<p>SLE-B1.2-Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>3º-SLEB1.2-Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comuni-cados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>
<p>SLE-B1.3-Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>3º-SLEB1.3 - Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p>
<p>SLE-B1.4-Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.</p> <p>Obxectivos: a, c, d, i</p>	<p>3º-SLEB1.4-Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>
<p>SLE-B1.5-Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren</p>	<p>3º-SLEB1.5-Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou</p>

acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito.  Obxectivos: a, c, d, i	elabore algo do que se lle dixo.
